

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE PALAS DE REI PARA A APERTURA E VISITAS PÚBLICAS AO CASTELO DE PAMBRE

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da **Axencia de Turismo de Galicia**, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte, D. Pablo José Taboada Camoira, en nome e representación como Alcalde Presidente do **Concello de Palas de Rei**, segundo o disposto no artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Todas as partes, no nome e representación no que concorren e coa capacidade legal suficiente para este acto

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o castelo de Pambre erixiuse a finais do século XIV. En 1484 pasa a ser propiedade dos Condes de Monterrei como fielato con funcións militares de custodia do Camiño de Santiago e cobro de portádegos. Co tempo, a estabilidade interna de Galicia dentro do conxuntos dos reinos de España e a decadencia do Camiño de Santiago trala reforma protestante do centro e norte de Europa fan que a súa función acabe derivando en núcleo de produción agropecuaria das terras

vinculadas á propiedade da fortaleza na comarca lucense de A Ulloa. En 1702 descríbese xa a ruína da construción principal.

A mediados do século XIX o Duque de Alba cede a súa propiedade á familia Moreiras. O último propietario da familia Moreiras foi D. Manuel García Blanco, catedrático e membro da Real Academia Galega e da Real Academia da Historia, quen reivindicou en numerosas ocasións a súa revaloración. Máis adiante vendeu a fortaleza a D. Manuel Taboada Fernández que a cerrou deixándoa arruinarse e acabando coa produción agropecuaria. No ano 2009 por disposición testamentaria pasa a ser propiedade dos Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres. Con data de 17 de xuño de 2017 foi adquirido por contrato de compra venda pola Xunta de Galicia, estando adscrito á Axencia Turismo de Galicia desde o 1 de xaneiro de 2021.

A fortaleza é un dos poucos exemplos de arquitectura militar do medievo galego que se conservou e sobreviviu á Revolta Irmandiña.

Segundo.- Que de acordo coa Disposición adicional 2ª da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español os bens a que se contraen os Decretos de 22 de abril de 1949, 571/1963 e 499/1973, pasaron a considerarse Bens de Interese Cultural (BIC) e sometidos ao réxime previsto na citada Lei.

Actualmente e de acordo co establecido no artigo 12 da citada lei, o Castelo de Pambre está inscrito no Rexistro de BIC dependente do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte coa categoría de "Monumento".

A Disposición adicional primeira da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, dispón que *"todos aqueles bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia que tivesen a condición de bens de interese cultural con anterioridade á entrada en vigor desta lei manterán a consideración de bens de interese cultural e quedarán sometidos ao mesmo réxime xurídico de protección aplicable a estes segundo esta lei"*.

Terceiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

Pola súa banda, o artigo 7 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, dispón que *"os concellos cooperarán cos Organismos competentes para a execución desta Lei na conservación e custodia do Patrimonio Histórico Español comprendido no seu termo municipal, adoptando as medidas oportunas para evitar o seu deterioro, perda ou destrución. Notificarán á Administración competente calquera ameaza, dano ou perturbación das súa función social que tales bens sufran, así como as dificultades e necesidades que teñan para o coidado destes bens. Exercerán así mesmo as demais funcións que teñan expresamente atribuídas en virtude desta Lei"*.

Cuarto.- Que en virtude do disposto no artigo 13.2 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, os propietarios de bens de interese cultural **estarán obrigados a permitir a súa visita pública**, nas condicións de gratuidade que se determinen regulamentariamente, ao menos catro días ao mes, en días e horas previamente sinalados.

Así mesmo, o artigo 48 da Lei 5/2016, do 4 de maio, establece que *"as persoas propietarias, posuidoras, arrendatarias e, en xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos catro horas ao día, que serán definidos previamente"*.

Quinto.- A Estratexia de Turismo de Galicia 2030 ten como misión impulsar un turismo auténtico e sostible a través do compromiso por preservar e realzar a riqueza cultural, natural e social de Galicia. A estratexia definida articúlase a través de Misións, como xeito de enfocala en esforzos e medidas concretas que guían as actuacións propostas cara a un obxectivo específico. Dentro da Misión 1 *Galicia, destino auténtico e diferencial* o patrimonio natural e cultural de Galicia, tanxible e intanxible, será o elemento central desta misión. Asemade o Camiño de Santiago convértese por dereito propio no elemento destacado desta misión, ao conxugar a súa proxección nacional e internacional coa vertebración territorial de Galicia ao longo das aldeas e cidades. A sostibilidade integral do propio Camiño e a celebración do Xacobeo 2027 durante o marco temporal da estratexia marcan tamén o desenvolvemento da misión.

O Castelo de Pambre é un dos recursos turísticos que constitúe un valor diferenciador tanto do concello, que se atopa no Camiño Francés, como de Galicia. Así mesmo, a posta en valor turístico deste castelo, na ruta do Camiño Francés, supón dotar a esta ruta declarada o Primeiro Itinerario Cultural Europeo, Ben de Interese Cultural, e Patrimonio da Humanidade e por tanto, non só o Camiño mais importante dos que levan a Santiago senón tamén o mais transitado e o que necesita un valor mais alto de protección, dun recurso turístico-histórico de relevancia, que supoña unha experiencia cultural de alto interese para todos/as aquelas persoas que fan o Camiño de Santiago.

O presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia de Turismo de Galicia. A Axencia entende que é de interese público colaborar para o mantemento da apertura e visitas públicas do Castelo de Pambre, por ser un BIC e un atractivo turístico de primeira orde na Comunidade Autónoma de Galicia, o que incide na promoción e potenciación do Camiño de Santiago e do Turismo en Galicia, co que se pretende a súa posta en valor turístico e a súa potenciación.

En virtude do exposto, as partes consideran de interese a sinatura deste convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é o establecemento das bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Palas de Rei para a xestión da apertura e visitas públicas ao Castelo de Pambre.

Segunda.- Orzamento

O orzamento estimado para a execución das accións obxecto deste convenio ascende a 62.621,28 € que se distribúen do seguinte xeito:

CONCEPTO	CUSTO
1 persoa para atención turística (50% da xornada)	11.474,64 €
1 peón de mantemento (100% da xornada)	23.505,24 €
1 peón de apoio a mantemento e limpeza (100% da xornada)	22.991,40 €
Gastos varios (subministración luz e calefacción)	4.000,00 €
Seguro de RC	650,00 €
TOTAL	62.621,28 €

Terceira.- Compromisos das partes

1. A **Axencia de Turismo de Galicia** obrígase a achegar a contía de 40.000,00 € para o desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio, sen que o Concello de Palas de Rei obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.460.0, proxecto 2015 00006 "Promoción e potenciación do turismo", procedentes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Esta achega canalízase a través dunha subvención de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia, como ente de adscrición do Castelo de Pambre, autoriza ao Concello de Palas de Rei á xestión da apertura do citado inmovble para permitir as visitas.

Así mesmo, permitirá ao Concello de Palas de Rei o establecemento dentro do recinto do castelo dunha oficina de vixilancia, información e guía de visitas que xestionará integramente o concello.

A Axencia resérvase a facultade de visitar e usar o Castelo cando o considere conveniente.

2. O **Concello de Palas de Rei** realizará unha achega de vinte e dous mil seiscientos vinte e un euros con vinte e oito céntimos (22.621,28 €). O orzamento necesario para completar a execución do resto de accións previstas será financiado con fondos propios dos seus orzamentos.

Así mesmo, comprométese á realización das actuacións oportunas para a dotación do persoal necesario para a prestación do servizo de vixilancia, información e guía durante o tempo que duren as visitas que se efectúen ao Castelo de Pambre. Este persoal deberá cumprir o horario estipulado para a apertura do Castelo, segundo se establece na seguinte cláusula.

O concello será o único responsable por calquera incumprimento no ámbito laboral e de Seguridade Social con calquera empregado/traballador ao servizo da apertura ao público do Castelo, exonerando á Axencia de Turismo de Galicia de calquera tipo de responsabilidade por estes conceptos.

O concello comprométese a asumir o custo dos gastos correntes, entre os que se atopan: luz, calefacción, teléfono, internet, material de oficina e consumibles.

O Concello de Palas de Rei, ao seu exclusivo cargo, comprométese a realizar a limpeza exterior e interior do castelo para poder ter unha visión completa deste, debendo solicitar ou obter os permisos necesarios para todo iso. Así mesmo asume os gastos relativos ao mantemento.

Por outro lado, o citado concello asume a obriga de subscribir unha póliza de seguro para cubrir as posibles responsabilidades por danos que poidan sufrir os visitantes ao Castelo dentro das súas instalacións. O importe da cobertura por responsabilidade civil en caso de sinistro non será inferior a cen mil euros, exonerando á Axencia de Turismo de Galicia de calquera tipo de responsabilidade, e correndo a cargo do Concello de Palas de Rei os posibles gastos de avogados, procurador, costas, e incluso calquera outras responsabilidades non cubertas pola

Póliza de seguro, no caso de demandas por calquera incidente de calquera visitante ao Castelo.

Así mesmo, o concello asume os seguintes compromisos:

- Incluir en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da **Xunta de Galicia** a través da Axencia de Turismo de Galicia e incluír a **marca turística de Galicia**, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Acreditar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 e na disposición transitoria única do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Cuarta.- Horarios de visitas

O horario de apertura e visitas públicas será o seguinte:

- Verán: de martes a domingo de 11 a 14 e de 16 a 20h
- Inverno: de martes a domingo de 12 a 17.30h

O horario de verán abarcará desde o 1 de abril ao 31 de outubro, e o de inverno desde o 1 de xaneiro ao 31 de marzo e do 1 de novembro ao 31 de decembro.

Este horario deberá respectarse durante a vixencia do presente convenio. Calquera modificación do horario establecido nesta cláusula deberá ser acordado de mutuo acordo polas partes, o que se incorporará como addenda ao convenio.

Quinta.- Compatibilidade

De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.

Sexta.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir o Concello de Palas de Rei para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Concello de Palas de Rei, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a lles facilitar aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.

d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

A subscrición do presente convenio **non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza** entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia de Turismo de Galicia. O Concello de Palas de Rei será o único responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

Sétima.- Xustificación do convenio

1. O Concello de Palas de Rei, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, estará obrigado a xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

2. A xustificación da execución das actividades subvencionadas diante da Axencia de Turismo de Galicia realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.

2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Se é o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo e dos partes de alta na Seguridade Social dos traballadores contratados para realizar as actuacións subvencionables.

No caso de realizar estas actuacións a través de persoal propio do concello, o Concello de Palas de Rei deberá presentar as nóminas dos traballadores que se empregaron nestas actuacións, así como os xustificantes do seu pagamento e dos gastos da Seguridade Social (Boletín de cotización modelo TC2; RLC recibo de liquidación de cotizacións, antigo modelo TC1, e xustificante bancario do ingreso de cotizacións á Seguridade Social) e os documentos acreditativos do pago da retención do IRPF e unha certificación da Secretaría co visto e praxe do Alcalde no que se detalle o persoal propio destinado a estas tarefas, así como se certifique que o

persoal do cal se imputan as nóminas estivo dedicado a estas tarefas durante o período cuxas nóminas se imputan.

Así mesmo, deberá achegarse polo Concello:

- Certificación emitida pola Secretaría da entidade local acreditativa do cumprimento da normativa de contratación do sector público.
- Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estas declaracións presentaranse con anterioridade á sinatura do presente convenio.

A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

3. O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio por parte do Concello de Palas de Rei será dende a formalización do convenio ata o **15 de decembro de 2025**. De non xustificarse en prazo a cantidade subvencionada, a Axencia de Turismo de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado, cando obedezan a razóns xustificadas, e sempre que se xustifique o importe total.

4. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia de Turismo de Galicia expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos

ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.

5. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devindicadas na data de xustificación. O concello quedará obrigado a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado desde o 1 de xaneiro de 2025.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non serán subvencionables.

6. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia de Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

Oitava.- Pagos anticipados e pagos a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, que conforme co artigo 6.1. Un do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, poderán acadar un 80% dos primeiros 18.000,00 € da subvención concedida, e un 10% adicional sobre o importe que exceda dos citados 18.000,00 €, e sen que supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións realizadas. Para proceder ao seu pagamento, o Concello de Palas de Rei deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima.

A suma dos pagamentos a anticipados e a conta non será superior ao 80% das porcentaxes subvencionadas correspondente aos pagos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

O Concello de Palas de Rei está exento da obriga de prestar garantía de conformidade co disposto no artigo 65.4 c) do citado Decreto 11/2009.

Novena.- Comisión de seguimento

Créase unha comisión de seguimento para a avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio que estará integrada por un representante da Axencia de Turismo de Galicia e un representante do Concello de Palas de Rei.

Esta comisión, presidida polo representante da Axencia de Turismo de Galicia, velará polo cumprimento dos obxectivos fixados no convenio e reunirase cando o solicite algunha das partes.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativas á subvención concedida serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia.

Décima.- Modificación e resolución do convenio

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.

- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo primeira.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Décimo segunda.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas no convenio.

Décimo terceira.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede

Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

En canto aos datos persoais sobre os que o concello ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

Décimo cuarta.-Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo quinta.-Vixencia do convenio

A vixencia do convenio estenderase desde a súa sinatura ata o **31 de decembro de 2025**.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento no lugar arriba indicado.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Polo Concello de Palas de Rei

José Manuel Merelles Remy

Pablo José Taboada Camoira